



Liga de Pádel de Guitiriz

Normas reguladoras da competición:

- **Artigo 1.** Poderán participar aqueles xogadores/as nados/as en 2012 e anteriores. A liga é de carácter amateur e unha actividade de tempo libre para tódolos/as afeccionados/as ó pádel.
- **Artigo 2.** Establécese unha única categoría na que poden participar parellas masculinas, femininas ou mixtas.
- **Artigo 3.** Tódolos partidos terán que xogarse nas Pistas de Pádel do Concello de Guitiriz.
- **Artigo 4.** Tódolos participantes na liga serán marcados como socios/as da pista ata o remate de maio de 2025. Isto aplicará un desconto directo en calquera das reservas que se fagan ata ese momento.
- **Artigo 5.** O sistema de competición dependerá do número de parellas inscritas.
- **Artigo 6.** A liga dará comezo a partir do 6 de xaneiro e durará ata o 31 de maio.
- **Artigo 7.** Cada xornada disputarase no período dunha semana, dende o luns (onde se poñerá a xornada en marcha) ata o domingo (onde como moi tarde terá que terse celebrado o partido).

A data e a hora fixarase de mutuo acordo entre ambas parellas.

A reserva da pista para a disputa do partido sempre correrá a cargo da parella que xogue como local e tamén será a encargada de levar as bolas.

Ao rematar o encontro, a parella local responsabilizarase de anotar correctamente o resultado na aplicación.

En caso de non poñerse de acordo na date e/ou na hora, a organización fixará un horario que será sempre durante a fin de semana en función das horas libres da pista.



- **Artigo 8.** No caso de que algún membro da parella teña unha lesión ou non poida disputar a liga durante tres xornadas por algunha causa de forza maior debidamente xustificada á organización, terá que ser substituído definitivamente por outro xogador que non tivera xogado con outra parella nesta competición.
- **Artigo 9.** Se un partido está en xogo e finaliza a hora de duración estipulada na reserva da pista, o partido continuará ata finalizar salvo que a quenda posterior estea reservada para un alugamento ordinario alleo á competición e este se opoña en rotundo. Intentaremos solucionar este problema sen prexudicar a ninguén, cos ocós existentes.
- **Artigo 10.** Xogarase un partido por semana. Se é necesario algún aprazamento (por causa maior), farase previa autorización da organización. En ningún momento se poderán adiantar partidos de xornadas posteriores, e se é o caso, ambas parellas poderán ser sancionadas coa perda de puntos na clasificación.
- **Artigo 11.** Unicamente se permitirá ter un partido aprazado como máximo. No caso de ter máis dun encontro pendente (a maiores do propio partido da xornada), a organización resérvase o dereito a penalizar á parella coa perda do partido ou coa expulsión da liga se fose reincidente.
- **Artigo 12.** As regras de xogo serán as establecidas polo Regulamento da Federación Española de Pádel.
- **Artigo 13.** Os partidos xogaranse ó mellor de 3 sets, é dicir, a parella vencedora será aquela que gañe 2 sets. Xogaranse os 3 sets para o reparto de puntos.
- **Artigo 14.** O sistema de puntuación será o seguinte: cada set gañado supoñerá +1 punto. Podendo ser o resultado 2-1 (sumará 2 puntos o equipo vencedor e 1 punto o equipo perdedor) ou 3-0 (sumará 3 puntos o equipo vencedor e ningún o equipo perdedor).
- **Artigo 15.** Establécese a norma de Punto de Ouro para os xogos nos que se chegue ó empate a 40.
- **Artigo 16.** Os partidos autoarbitraranse, é dicir, serán os propios xogadores/as os/as que arbitren os seus partidos.



- **Artigo 17.** Se pasados 15 minutos da hora fixada para o partido algún xogador/a da parella non está na pista para xogar, daráselle o encontro por perdido polo resultado de 3 sets a 0 (6-0 / 6-0 / 6-0).
- **Artigo 18.** A clasificación realizarase tendo en conta:
 1. Puntos.
 2. Enfrontamento directo (en caso de empate).
 3. Diferenza de sets a favor e en contra dos/das implicados/as.
 4. Sets a favor dos/das implicados/as.
 5. Sets en contra dos/as implicados/as.
 6. Partido de desempate.
- **Artigo 19.** A organización resérvase o dereito a adaptar ou modificar calquera destas normas, no caso necesario para o bo desenvolvemento da competición.